

ASUNTO: COMUNICADO

“A CONTAMINACIÓN DO RIO E DA MAGDALENA TEN SOLUCIÓN”

No pasado pleno do Concello de Cedeira, celebrado o 30 de xullo, o noso grupo, unha vez máis reitroulle ao PP, en forma de preguntas sinxelas, a nosa profunda preocupación ante as graves crises de contaminación que está a sufrir o Condomiñas e, como consecuencia a Magdalena.

A pereza do alcalde, a ausencia de información, a falta de medidas xudiciais contra os responsables da depuradora, ou as carencias orzamentarias para continuar coas melloras do saneamento realizadas polo noso equipo de goberno, son motivos sobrados para a inqueda, e polo tanto así llo trasladamos ao Sr. Luis Rubido.

Coma sempre, ningunha das cuestións foi contestada con rigor polo PP. Coma sempre, o PP esquece que é goberno, sitúase no papel de mala oposición e pon en marcha o ventilador. Por un lado abandona as súas obrigas limitándose a ver chover e por outro a xustificarse co “y tú más”.

Frente á actitude irresponsable do actual goberno local, máis que nunca necesitamos insistir de novo en medidas que afronten este gravísimo problema, na idea de que quenes representamos unha parte do electorado e aspiramos a dirixir os destinos de Cedeira, debemos por solucións enriba da mesa, a saber:

1. Creación dun **sistema de control e vixianza** da saúde das augas libres do municipio, mediante analíticas que, ao noso modo de ver debe afrontar a empresa concesionaria da xestión municipal do saneamento, a antiga ACUAGEST e non conformarnos con informes alleos ao propio concello. **Expoñer públicamente os resultados** nos puntos de información habilitados a tal efecto.
2. Iniciar **accións legais** por delito ecolóxico contra os xestores da EDAR de Cedeira. Cremos que a Depuradora está ben construída e ben dimensionada para recibir as augas sucias. Non podemos aceptar que con seca, se produzan vertidos. A culpa non é da máquina, senón de quen a manipula. De todas formas, chegados a esta situación, debería **someterse á planta a unha auditoría** que certificase a boa imaxe que nós temos dela.
3. Continuar os proxectos **de rede separativa** de pluviais e fecais que foron liña capital do equipo que presidimos. Precisamos de plans de execución dos

proxectos de saneamento que deixamos sobre a mesa dos actuais mandatarios locais a curto, medio e longo prazo.

Sirva a modo de exemplo que, dos 200 millóns das antigas pesetas, que a excesiva carga impositiva deixou de remanente nas arcas do concello no ano 2013, Rubido non adica un solo euro a seguir mellorando a rede separativa. Temos que dicir que nós utilizamos os chamados Plans Zapatero, entre outras melloras, en construír a rede separativa da Vila Vella e da Area, e con fondos da Deputación Provincial, a rúa López Cortón, Avenida da Area, Pitillera, Pontes de García Rodríguez, etc.

4. **Implicar ás autoridades de Augas de Galicia**, da Xunta de Galicia, na solución das deficiencias do sistema de saneamento.

a. Poden facelo mediante proxectos de separación das augas pluviais e fecais como se fixo na Rúa do Mariñeiro, Ezequiel López e Avda de España que financiou íntegramente a Xunta de Galicia.

b. Poden facelo mediante a construción dun **tanque de tormentas** que almacene o aluvión nos episodios de treboadas para tratalo de forma controlada con poesterioridade ás mesmas.

c. Poden facelo demandándolle a Augas de Galicia que recuperen o **emisario submarino** que, como solución de emerxencia sempre será menos mala que a de verter directamente no río Condomiñas.

5. Advertir ao pobo cada vez que se produza un episodio de contaminación, establecendo unha serie de protocolos incorporados no **Plan de Emerxencias Municipais**, elaborado de forma altruista por cidadáns, durante o anterior mandato. A medida máis evidente é a de izar a **bandeira vermella**, prohibindo o baño.

O primeiro de agosto do 2010, fronte a unha situación moito menos grave, izamos a bandeira vermella, por responsabilidade, conscientes, sin embargo que sólo desde a responsabilidade se consegue o crédito da cidadanía.

En Cedeira, a 05 de agosto de 2014
JOSÉ LUIS VERGARA REY
Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA